



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORAL**LOITA**
polo **TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 797 Semana do 3 ao 9 de setembro de 2018

A TAXA DE COBERTURA É DO 53% DEIXANDO FORA DO SISTEMA DE PROTECCIÓN POR DESEMPREGO A 84.830 PERSOAS DESEMPREGADAS**CADA VEZ MÁIS BAIXA E PREOCUPANTE COBERTURA DE DESEMPREGO***Sube o desemprego feminino e en menores de 25 anos*

Redacción.- UGT-Galicia considera que o dato do paro rexistrado do mes de agosto en Galicia non pode ocultar os altos índices de rotación laboral e precariedade, eivas que están lastrando ao mercado laboral da nosa Comunidade. Como consecuencia desta debilidade do mercado laboral galego, a taxa de cobertura das persoas desempregadas en Galicia e do 53% deixando fora do sistema de protección por desemprego a 84.830 persoas, sete puntos por baixo da cobertura estatal. Esta mesma debilidade traslúcese no feito que tanto as mulleres como os mozos menores de 25 anos seguen sendo os colectivos máis prexudicados polo desemprego en Galicia.

En Galicia aumenta o paro no mes de agosto nun 0,62%, con moita menor intensidade que no Estado, onde o fai cun 1,50%. É destacable que despois de seis anos de baixadas do paro rexistrado no mes de agosto, este ano, en Galicia, sube. Hai, polo tanto, 164.424 persoas desempregadas en Galicia, 1.012 máis que no mes anterior. No Estado hai 3.182.068 persoas desempregadas, o que representa un aumento de 47.047 persoas desempregadas.

Se temos en conta a variación interanual, hai en Galicia unha contracción do 9,2%, 16.701 persoas desempregadas menos e neste caso tamén cunha contracción moito maior que na media estatal, onde a baixada foi do 6% (200.256 desempregados menos).

O desemprego segue castigando ás mulleres e aos máis xóvenes

Por sexos, hai unha peor evolución do desemprego nas mulleres que nos homes, xa que nestas, as mulleres, sube o paro o 0,89% e nos homes só o 0,25%. Seguen en peor posición as mulleres que os homes. Hai unha fonda brecha por sexos no desemprego, o 58,5% do total, e cunha marcada tendencia de aumento do peso do desemprego feminino. As cifras falan por si mesmas, 68.245 homes desempregados e 96.179 mulleres.

En canto ao desemprego xuvenil, son 7.456 mozos e mozas menores de 25 anos desempregados, aumentando considerablemente o desemprego no mes, nun 1,32%. Evolución máis acusada que no conxunto de idades. No ano tamén ten unha caída máis acusada que no con-

xunto de idades, nos menores de 25 anos diminúe o 13,5%.

Datos por sectores de actividade

Ao analizar por sectores de actividade prodúcese unha evolución desigual, compróbase que o desemprego cae en agricultura o 0,88%, na construción o 2,38% e no colectivo sen emprego anterior contraese nun 1.17%.

En termos anuais, hai un descenso acusado no conxunto de actividades, con porcentaxes moi elevados de contracción na Construción, nun 20,6% menos, na Industria cun 10,4% e no primario cun 9,0% menos.

Contratación

Cos datos de xullo compróbase que se fixeron 99.717 contratos no mes, diminúen o 15,9% no mes e con respecto ao mesmo mes do ano anterior aumenta o 4,2%

Esta diminución da contratación plásmase na contratación temporal. No mes

Continúa na páxina seguinte...

...vén da páxina anterior.

diminúe a contratación temporal nun 17,5% e aumenta a indefinida nun 6,41%.

Cada vez máis baixa e preocupante cobertura de desemprego

O número de beneficiarios de prestacións en xullo foi de 78.682 (último dato dispoñible) (o mes anterior xullo de 2018 foi de 80.125). A taxa de cobertura foi do 53% deixando fora do sistema de protección por desemprego a 84.830 persoa desempregadas, tendo en conta tanto aos que teñen dereito a cobertura por desemprego como aos que non. No Estado a taxa de cobertura é superior no mes, do 60,1 en xullo.

Tan só hai 36.332 persoas beneficiarias de prestacións por desemprego de carácter contributivo, o 46,18% do total, o que indica a precariedade na cobertura por desemprego, e cun importe medio de 766,2 euros (Contía media prestación contributiva percibida por beneficiario (euros/mes)).

GALICIA	ago-18	VARIACIÓN SOBRE			
		Mes anterior		Mesmo mes ano anterior	
		nº	%	nº	%
DESEMPREGO					
Nº desempregados rexistrados	164.424	1.012	0,6	-16.701	-9,2
* homes	68.245	167	0,2	-9.279	-12,0
* mulleres	96.179	845	0,9	-7.422	-7,2
Nº parados mozos < 25 anos	7.456	97	1,3	-1.165	-13,5
Nº desempregados por sectores*					
* agricultura	5.531	-49	-0,9	-550	-9,0
* industria	18.753	450	2,5	-2.182	-10,4
* construción	14.221	-347	-2,4	-3.695	-20,6
* servizos	111.096	1.134	1,0	-8.825	-7,4
* sen emprego anterior	14.823	-176	-1,2	-1.449	-8,9
Beneficiarios prestación por desemprego (xullo)	78.682				
Taxa de cobertura prestación por desemprego (xullo)	53,02				
Parados totais sen ningún tipo de prestación (xullo)	84.730				
CONTRATACIÓN					
Nº contratos	99.717	-18.851	-15,9	3.997	4,2
Nº contratos indefinidos (inclúe transformación de contratos en indefinidos)	8.568	516	6,4	3.153	58,2
Nº contratos temporais	91.149	-19.367	-17,5	844	0,9
AFILIACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL					
Nº afiliados/cotizantes (datos provisionais)	1.020.388	-1.157	-0,1	21.497	2,2

Fonte: Gabinete Económico Comisión Executiva UGT Galicia, a partir dos datos do MEYSS

UGT INSTA O GOBERNO A REGULAR O SECTOR ELÉCTRICO

Pepe Álvarez sinala que o que “ocorre neste país é un escándalo”

Redacción.- UGT insta o Goberno a que poña coto ás subidas desproporcionadas e inxustificadas do prezo da luz, que se repiten cada ano e que cada ano son noticia porque baten o seu propio récord. A nova subida da luz supón outra agresión á xa fráxil economía doméstica, especialmente aos fogares máis vulnerables. O sindicato insiste nas súas propostas, entre elas, a necesidade de reducir a fiscalidade da electricidade, igual que doutras subministracións básicas, e aplicar un IVE súper reducido, por ser considerado un servizo esencial para a cidadanía.

O Secretario Xeral de UGT, Pepe Álvarez, manifestou que “o que está a ocorrer neste país é un escándalo. É unha verdadeira vergoña que o prezo da luz aumente case un 25%. Non hai razón para que isto sexa así. Bo hai unha: que as empresas eléctricas pásanse polo forro as indicacións, as obrigacións que teñen coa sociedade”.

Por iso, instou ao Goberno para “regular o sector eléctrico e o tema da enerxía de maneira drástica, porque, a diferenza do que ocorre en Francia ou Italia, España non ten unha empresa pública de referencia no sector enerxético. Eses erros hai que emendalos tentando que o sector público participe nalgunha eléctrica, e cunha regulación estrita que nos permita superar esta situación”.



Álvarez fixo estas declaracións antes de intervir na XIX Escola Internacional de Verán de UGT- Asturias, Manuel Fernández Lito, onde falou sobre as “Estratexias sindicais 2018-2019”. Unha Escola que se desenvolve este ano no marco dos actos previstos con motivo do 130º aniversario de UGT.

Primar o interese xeral e ampliar o bono social

UGT lembra que, en 2013, advertiu que a lei do Sector Eléctrico, aprobada polo Goberno do PP, supoñía luz máis cara, menos investimento, menos empregos e menos calidade e seguridade do servizo. Algo que a realidade confirmou.

O sindicato criticou xa entón a falta de transparencia desta lei, o que impediu un debate público sosegado para tratar de resolver

os problemas estruturais do noso sector eléctrico. Desde entón esta lei sufriu varias modificacións, pero á vista está que estes “parches” non terminan de resolver o problema do encarecemento da luz.

Por tanto, é hora de abrir un debate público e transparente para regular adecuadamente ao sector eléctrico, en aras do interese xeral. Un sector que, ano tras ano, incrementa beneficios á conta do peto dos cidadáns.

O sindicato reclama, así mesmo, ao Goberno que amplíe o bono social e fágao máis inclusivo, pois o aprobado polo anterior Executivo do Partido Popular, non garante que os consumidores poidan acceder á subministración básica de electricidade en condicións de igualdade, nin protexe ás persoas máis vulnerables. Ademais, é claramente insuficiente para evitar os cortes de subministración en casos de pobreza extrema.

A MOBILIZACIÓN ESTÁ CONVOCADA POLOS COMITÉS DE EMPRESA DA CRTVG E CRTVE EN GALICIA

UGT-GALICIA APOIA A MOBILIZACIÓN DO 8 DE SETEMBRO “POLA DIGNIDADE DOS MEDIOS PÚBLICOS” E CHAMA A PARTICIPAR AO CONXUNTO DA CIDADANÍA

Redacción.- UGT-Galicia manifesta o seu apoio á mobilización que, baixo o lema “Pola dignidade dos medios públicos”, terá lugar o vindeiro sábado 8 de setembro en Compostela e chama ao conxunto da cidadanía a manifestarse en defensa dos medios de comunicación públicos.

A manifestación reivindica a dignidade dos medios públicos, rexeita a manipulación informativa e esixe o cumprimento da Lei de medios públicos de Galicia. A marcha, convocada polos comités de empresa da CRTVG e CRTVE en Galicia, sairá ás 10:30 horas desde as instalacións de San Marcos, percorrendo un treito do Camiño de Santiago até culminar ás 12:30 horas en Praterías.

UGT-Galicia reivindica o acceso a unha información veraz e pluralista como un dereito fundamental consagrado na Constitución. A mobilización, convocada polos comités de

empresa da Corporación de Radio e Televisión de Galicia (CRTVG) e de Radiotelevisión Española en Galicia (RTVE), reivindica a dignidade dos dous entes, rexeita a manipulación informativa e esixe o cumprimento da Lei de medios audiovisuais públicos de Galicia, aprobada no 2011.

Na convocatoria dos Comités de CRTVG e RTVE de Galicia faise un chamamento á defensa duns medios públicos de comunicación dotados de recursos humanos e técnicos suficientes, a produción de contidos propios de calidade e coa perspectiva de servizo público, ademais de exixir a fin das inxerencias políticas na liña informativa.

Ao remate da manifestación haberá actuacións musicais a cargo de Uxía, Xabier



Díaz e Guadi Galego. As xomalistas Marga Pazos (CRTVG) e Rita Alonso (RTVE) lerán un manifesto en nome das traballadoras e traballadores dos medios de comunicación públicos de Galicia.

O ACORDO DE PENSÍONS NON É INMINENTE

Redacción.- O Secretario Xeral de UGT, Pepe Álvarez, interveu hoxe na XIX Escola Internacional de Verán de UGT- Asturias, onde subliñou que non cre que o acordo sobre pensións sexa inminente.

Na súa intervención na Escola, enmarca nos actos do 130 Aniversario do sindicato, Álvarez manifestou que “hai uns meses nin Cidadáns, nin o Partido Popular querían saber nada da revalorización automática co IPC nin da desaparición do factor de sustentabilidade e se non hai unha revisión destas cuestións nin derogación da reforma do Goberno de Mariano Rajoy desde logo, con UGT que non contén”.

“O problema da Seguridade Social” sinalou, “non é de gasto senón de ingresos e o Pacto de Toledo ten que revisar que é o que paga a Seguridade Social e non lle corresponde, (para que vaia a Orzamentos Xerais do Estado), e á vez, como loitar contra a fraude que se está producindo neste momento desde o punto de vista das cotizacións e como destopamos para que os soldos máis altos coticen o 100%”.

Pepe Álvarez destacou que “a todo isto habería que engadir que se estableza un imposto específico das empresas tecnolóxicas á Seguridade Social, algo que ten que

abrirse camiño porque a destrución de emprego que se está xerando nestes sectores necesita que haxa unha contribución por parte das empresas para manter o Sistema”.

“Ese é o camiño e eu non vexo próximo un acordo desas características no Pacto de Toledo”, finalizou.

Se non se cumpre o AENC haberá mobilizacións

En relación coa Negociación Colectiva, Pepe Álvarez destacou que “Se non hai un cumprimento do AENC, que é moi claro, o é para os salarios máis baixos, pero o é tamén para os aumentos porcentuais dos salarios, haberá mobilizacións. E non só haberá mobilizacións, senón que exporemos ao Goberno unha revisión do aumento que acordamos do SMI”.

Unha transición enerxética xusta

O Secretario Xeral de UXT, Pepe Álvarez, defendeu en Asturias unha transición enerxética xusta na que sexa posible “reporner os postos de traballo que se poidan perder a partir da xeración de traballo nas enerxías alternativas e non pode ser que o país

estratexicamente perda algúns dos elementos de produción de enerxía que nos fixeron desenvolvernos no pasado e que podemos necesitalos no futuro”.

Para nós” explicou, “o custo de mantelas abertas é infinitamente menor que o que pode representar desde o punto de vista estratéxico para o país perder definitivamente a posibilidade de que se poida tirar do carbón nacional porque haxa problemas serios de abastecemento de enerxía nun país dependente xa que, neste momento, nin a enerxía eólica, nin a solar nin a mariña están o suficientemente desenvolvidas como para poder garantir a subministración”.

Aposta polas renovables

Neste sentido, Álvarez comentou que o sindicato considera que este país ten que facer un esforzo moi importante para aumentar de maneira considerable a produción de enerxías renovables.

“Entre un modelo e o outro non hai ningunha contradición porque aquí non hai un debate entre un tipo de enerxía ou outro, as dúas son plenamente compatibles e, en todo caso, nós apostamos porque unha parte dos empregos que se destrúan como consecuencia das novas enerxías, pódese xerar nas renovables. Hai que facelo en paralelo”.